

# CONCELLO DE XOVE

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 9 DE MAIO DE 2012.

### ASISTENTES:

#### **Alcalde-Presidente:**

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

#### **Concelleiros:**

D. José Manuel González Álvarez

D<sup>a</sup> Ana María Abad López

D<sup>a</sup> María Dolores Meitin Guerreiro

D<sup>a</sup> Cristina Iglesias Guerreiro

D. José Manuel Balseiro Canoura

D. Marco López López

D. José Manuel López Hermida

D. Alberto Santos Vázquez.

D. Manuel Angel Meitin Rouco

#### **Secretario:**

D. Luís María Fernández del Olmo

#### **Ausente:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Balseiro López

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezaseis horas e trinta minutos do día nove de maio de dous mil doce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión extraordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

### **1º) PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE XOVE, APROBACIÓN DO DOCUMENTO ELABORADO POLA EMPRESA REDACTORA, REFLECTINDO A CORRECCIÓN DE ERROS E INSUFICIENCIAS DETECTADAS NO DOCUMENTO APROBADO NA SESIÓN PLENARIA DE DATA 17 DE OUTUBRO DE 2011. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta á Corporación da sesión celebrada pola Xunta de Portavoces o pasado 3 de maio de 2012, á que asistiu D. Alfonso Botana, Arquitecto do equipo redactor do PXOM do Concello de Xove, quen xunto co Arquitecto Técnico e mailo Secretario Municipal

explicaron os erros e insuficiencias detectados no PXOM aprobado en sesión de 17 de outubro de 2011, e as correccións efectuadas.

Dáse conta igualmente da proposta de Alcaldía obrante no expediente, así como dos informes emitidos polo Secretario e mailo Arquitecto Técnico Municipais.

Aberto o debate, polo Sr. López López e polo Sr. Santos Vázquez manifestase estar de acordo coas correccións efectuada.

Rematado o debate, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, que representan a maioría absoluta do número legal dos seus membros, acorda aproba-la proposta de Alcaldía anteriormente referenciada, que a seguir se transcribe íntegramente:

“ D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA. Alcalde Presidente do Concello de Xove,

*VISTO que con data 21 de marzo de 2012 a Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo aceptou a petición plantexada polo Concello de Xove con data 14 de marzo de 2012 e na súa consecuencia resolveu suspender o prazo para resolver a aprobación definitiva do PXOM do Concello de Xove presentado con data 22 decembro de 2011 no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia de xeito que o equipo redactor e os servizos técnicos municipais poidan corrixi-los erros e insuficiencias detectadas e, previa aprobación polo Pleno, remiti-lo expediente ós efectos da sa aprobación definitiva do PXOM.*

*VISTO o documento completo de PXOM elaborado polo equipo redactor reflectindo a corrección dos erros e insuficiencias detectadas no documento aprobado na sesión plenaria de data 17 de outubro de 2011 e presentado con data 22 decembro de 2011 no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia.*

*VISTO que polo Secretario Municipal considéranse corrixidas os erros e insuficiencias de referencia.*

*VISTO que polo Secretario Municipal considerase absolutamente necesario que as modificacións derivadas das correccións efectuadas sexan sometidas ó coñecemento e , se é o caso, aprobación do pleno corporativo.*

*VISTO que polo Secretario Municipal considerase igualmente que as modificacións anteriormente citadas non significan un cambio sustancial do PXOM inicialmente e provisionalmente aprobado xa que non supoñen a adopción de novos criterios respecto á clasificación e calificación do solo ou en relación coa estrutura xeral e orgánica do territorio, razón pola cal non se considera necesario abrir un novo trámite de información pública.*

***Polo exposto propono ó Pleno Corporativo a adopción de acordo polo que se aproben as modificacións do PXOM anteriormente referenciadas derivadas das correccións de erros e insuficiencias detectados remitindo a seguir dito documento co expediente completo debidamente dilixenciado á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia para a súa aprobación definitiva.”***

## **2º) PROPOSTA DE ALCALDÍA VERBO DA RESCISIÓN DO CONVENIO FORMALIZADO NO ANO 1991, ENTRE O CONCELLO DE XOVE E O CLUB DEPORTIVO PALMEIRO. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta ó Concello Pleno da proposta de Alcaldía do epígrafe.

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde explicase que o convenio formalizado no ano 1991, como consecuencia das modificacións legislativas en materia de contratos do Sector Público, resulta que non ten cobertura legal no que se refire á contratación por parte do Concello da explotación da cafetería-comedor do Club Deportivo Palmeiro, sinalando que en calquera caso, a fórmula prevista en dito convenio resultou totalmente inoperativa como o demostra o feito de que nos últimos anos, pasaron por ditas instalacións ata catro adxudicatarios, sen que ningún deles cumprira o prazo sinalado no contrato.

Polo Sr. López Hermida manifestase que o BNG vaise abster por considerar que non ten datos suficientes para tomar postura e porque en principio considera que poderían buscarse fórmulas de colaboración que resultasen máis operativas.

Polo Sr. Santos Vázquez manifestase estar de acordo coa rescisión do convenio proposta polo Sr. Alcalde.

Rematado o debate, o Concello Pleno, cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, González Alvarez, Meitin Guerreiro, Abad López, Iglesias Guerreiro, Meitin Rouco, Balseiro Canoura, e Santos Vázquez, e coa abstención dos Sres. López López e López Hermida, acordan aproba-la proposta de Alcaldía do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

*D. JOSE DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove,*

*VISTO o Convenio formalizado no ano de 1991 entre o Concello de Xove e o Club Deportivo Palmeiro relativo a integración de determinadas instalacións do Club Deportivo Palmeiro ( Despacho, Aseos, Bar, Salón Comedor, Oficio Despensa e Cocina dentro da rede de Centros Sociais do Concello de Xove o que fundamental e basicamente supoñía a explotación, directa ou indirecta, da cafetería e comedor citados por parte do Concello de Xove.*

*VISTO que a realidade ven demostrado dabondo a falla de operatividade da fórmula aplicada co resultado de que na actualidade a cafetería comedor está pechada despois de máis de catro licitacións fallidas nos últimos anos.*

*TENDO EN CONTA que consonte ó reflectido no Informe emitido con data 9 de abril de 2012 polo Secretario e maila Interventora Municipais coa vixente lexislación aplicable a contratación do sector Público recollida no RDL 3/2011, de 14 de novembro, non é posible dar cobertura legal á contratación de referencia.*

*TENDO EN CONTA que esta Alcaldía mantivo numerosas reunións nos últimos meses coa Directiva do Club Deportivo Palmeiro chegando á conclusión que o máis convinte para os intereses tanto do Club como do Concello era proceder de mutuo acordo á rescisión do Convenio referenciado e buscar outras formulas de colaboración.*

*TENDO EN CONTA que está conclusión foi posta en coñecemento e explicada aos socios do Club Deportivo Palmeiro na Asamblea convocada a tal efecto e celebrada o pasado luns día 23 de abril ás 18 horas nos locais do Club e á que asistirán xunto con este Alcalde, o Secretario e maila Interventora Municipais.*

***Pola presente propono o Concello Pleno a adopción de acordo polo que se proceda á rescisión do Convenio formalizado no ano de 1991 entre o Concello de Xove e o Club Deportivo Palmeiro relativo a integración de determinadas instalacións do Club Deportivo Palmeiro ( Despacho, Aseos, Bar, Salón Comedor, Oficio Despensa e Cocina ) dentro da rede de Centros Sociais do Concello de Xove.”***

*E sen mais asuntos que tratar, sendo as dezasete horas e cinco minutos, levantase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fé.*

**O ALCALDE,**

**O SECRETARIO,**

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo